



VIAXE AOS ALPES JULIANOS ESLOVENIA

25 Xullo-4 Agosto de 2019



Este ano visitaremos Eslovenia, o primeiro país que se independizou de Iugoslavia e actualmente un dos maiores atractivos turísticos das antigas repúblicas. Camiñaremos polos Alpes Julianos, un macizo montañoso, situado entre Italia, Austria e Eslovenia, gran parte deles recollidos no Parque do Triglav. Teremos a oportunidade de camiñar polo Parque Nacional, coñecer os lagos de Bohinj e Bled, visitar a capital Liubliana e percorrer as paisaxes do Alto Val do Soca. Unha viaxe sendeirista para coñecer camiñando as montañas que tomaron o seu nome de Julio César.

16:00 h saída desde o Centro Sociocultural de Fontiñas, para-
da habitual do Club Fontiñas

16:45 h A Coruña, parada do bus R/ Pablo Picasso, parada
habitual do Club Ártabros

Prazos de pre-inscrición, inscrición e pago:

Finalizado o prazo de pre-inscrición o 31 de Xaneiro, todas
as prazas quedaron cubertas, abríndose unha lista de espera
ata o 27 de Xuño. Lembramos aos que xa abonaron os 50 € a
obrigación de efectuar o resto do pago:

1º prazo de 380 € ata ou 31 de Marzo

2º prazo de 380 € ata ou 27 de Xuño





Adriático. O río Isonzo para os italianos, hoxe delicia dos amantes do balsismo, foi un dos escenarios máis cruentos durante a Primeira Guerra Mundial. Despois de chegar as fontes de Zmuklica, que manan directamente da roca,



crossaremos de novo o río Soca para seguir o Carreiro da Paz, que con máis de 230 km percorre os lugares máis emblemáticos do conflito entre italianos e austríacos, visitando fortes, trincheiras e campamentos. Seguindo o río Koritnica atravesaremos desfiladeiros e densos




bosques (útil levar unha lanterna para o túnel) ata chegar ao final desta primeira ruta.

distancia 15 km / desnivel positivo 490 m / desnivel negativo 380 m / tempo aprox. 6 h

Domingo 28 Xullo - Macizo del Kanin

Empezaremos tomando o teleférico que nos leva desde do val do Soca ata 2204 m en Postaja D. Podi, no corazón do macizo do Kanin, unha espectacular mole calcaria que separa Eslovenia de Italia. Desde aquí, sempre con grandes vistas sobre a contorna, alcanzaremos o paso de Prevlja (2067 m) xa na fronteira dos dous países. Seguindo antigos camiños da

Gran Guerra bordearemos o Lopa (2402 m) ata alcanzar o vivac Jamarski (1952 m). Desde aquí teremos dúas opcións: A) regresar polo mesmo camiño baixando en teleférico B) penetrar nun longo descenso aos pés do Rombon (2208 m) a través dun mundo kárstico de gran beleza. A baixada levaranos directamente ata Bovec.



Opción A: distancia 12 km / desnivel positivo 490 m / desnivel negativo 490 m / tempo aprox. 6 h / teleférico ascenso e descenso

Opción B: distancia 14 km / desnivel positivo 490 m / desnivel negativo 1690 m / tempo aprox. 8 h / teleférico ascenso



Club Deportivo
FONTIÑAS

Sábado 27 Xullo - O val do río Soca e o Carreiro da Paz

Partiremos a pé de Bovec, e camiñaremos ata a aldea de Cezsoca onde empezaremos a remontar o río Soca. Un río de augas claras que nace ao oeste do Triglav e desemboca, despois de percorrer 140 km, na costa noroeste de Italia, no mar



Club Deportivo
FONTIÑAS

Luns 29 Xullo - Lagos de Fusine

Neste día desprazáremos ata Kranj onde nos aloxaremos as seguintes



tres noites, xa no país esloveno. Atravesaremos a poboación de Tarvisio, na provincia de Udine, cidade que ata 1918 pertenceu ao Imperio Austrohúngaro. Antes de entrar de novo en



Eslovenia pararámonos aos pés do Monte Mangart (2677 m) para realizar unha ruta circular nos lagos de Fusine. Un percorrido nestes belos lagos de orixe glaciá que se sitúan nun circo calcario característico. Camiñaremos a través de bosques de abetos e piceas que serán, xunto aos faias, os protagonistas durante toda a nosa viaxe.

distancia 12 km / desnivel positivo 570 m / desnivel negativo 570 m / tempo aprox. 5 h

Martes 30 Xullo - Lagos del Triglav e Cascada de Savica

Nesta cuarta xornada de montaña desprazáremos ata a zona do lago Bohinj para realizar unha das excursións máis clásicas dentro do Parque Nacional do Triglav, o espazo protexido máis importante dentro dos Alpes Julianos. Desde a área coñecida como Savica(653m) empezaremos a remontar o carreiro que leva ata a ferverza do mesmo nome, a través de



frondosos faias. Despois superaremos o paso de orixe glaciá que nos leva ata un pequeno lago, Crno Jezero. Desde aquí a

pendente suavízase e a medida que gañamos altura abetos e piceas iran acom-



pañándonos. Seguindo o carreiro chegaremos ata o refuxio de Bregarjevo Zavetisce (1620 m) desde este fermoso lugar seguiremos o noso camiño ata o refuxio Koca pri Triglavskih Jezerih (1685 m), un dos máis usados para a ascensión ao Triglav situado nun precioso conxunto de lagos. Descasaremos e gozaremos da contorna antes de iniciar o noso descenso de novo ata Savica.


distancia 14 km / desnivel positivo 1100 m / desnivel negativo 1100 m / tempo aprox 8 h / entrada ao Parque Nacional



Club Deportivo
FONTIÑAS

Mércores 31 Xullo- Ascensión ao Ciprnik

Para esta xornada teremos un curto desprazamento de autobús ata a vila de Kranjska Gora, situada ao norte do Parque Nacional e un dos principais centros de turismo de montaña da



zona. Tomando unha pequena telecadeira gañaremos altura para empezar o noso ascenso a esta montaña, o Ciprnik, que orientado de leste a oeste e con 1746 m ofrece un impresionante panorama que nos axudará



a situar algunhas das rutas dos últimos días. O descenso levaranos ata a poboación de Ratece, tamén no val principal do Sava Dolinka.



distancia 9 km / desnivel positivo 640 m / desnivel negativo 930 m / tempo aprox. 6 h / ascenso en teleférico

Xoves 01 Agosto - Travesía do Vogel

Para despedirnos dos Alpes Julianos desprazarémonos de novo ata a zona do lago Bohinj. Desde as proximidades do lago tomaremos un teleférico primeiro e un telecadeira despois para alcanzar os 1682 m do Orlova Glava



desde onde teremos unhas inmejorables vistas sobre o macizo do Triglav. Desde este punto realizaremos un ascenso para despois camiñar a media ladeira a través do macizo do Vogel percorrendo cómodos prados alpinos moitas veces poboados do edelweiss, a flor alpina por antonomasia. Chegaremos ao collado de Vratca (1725 m) desde onde

empezaremos o descenso cara aos bosques e o refuxio de Zadnji Vogel onde po-



deremos comer e descansar. Para o descenso tomaremos o telecabina que nos levará de novo ata Bohinjsko Jezero. Camiño a Liubliana pararemos no lago de Bled para celebrar como se merece o final da aventura.

distancia 7 km / desnivel positivo 260 m / desnivel negativo 430 m / tempo aprox 4 h / ascenso e descenso en teleférico



VIAXE AOS ALPES JULIANOS ESLOVENIA

25 Xullo-4 Agosto de 2019



Club Deportivo
FONTIÑAS

INFORMACIÓN DE INTERESE:

-Nas rutas, o guía poñerá o ritmo que mellor se adapte á homoxeidade do grupo. Así mesmo, decidirá a orde, programa e horario das rutas, tendo en conta a climatoloxía, tráfico e outros condicionantes. Tódolos horarios son orientativos. A reserva da viaxe leva implícita a aceptación destas condicións.

-Aqueles que xa teñan ou coñezan compañeir@s para compartir cuarto, que informen por teléfono o vía correo electrónico. No caso contrario, o reparto farao a organización.

-A designación dos asentos no autobús farase seguindo a orde de inscrición, confiando igualmente na boa vontade e disposición do grupo. As catro prazas dianteiras serán para o uso dos guías/organización/condutores.

-No caso de que alguén necesite algunha dieta especial (vexetarianos, celíacos, etc.) nas comidas do hotel, prégase que o comunique á organización con tempo suficiente.



EQUIPAXE:

MOI IMPORTANTE: Toda maleta, vulto ou mochila que viaxe na bodega do autobús ten que estar identificado co NOME, DNI e TELÉFONO. Pódese levar soamente 1 maleta grande ou pequena + 1 mochila de montaña, por persoa.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

Debido aos continuos controis que se están facendo na UE durante o tránsito de persoas entre diferentes países, especialmente en Francia, temos que levar os seguintes documentos:

- DNI EN VIGOR
- Tarxeta Sanitaria EUROPEA o Certificado Provisional Sustitutorio
- Licenza federativa modalidade C

Tódolos viaxeiros, sen excepción, teñen que levar a DOCUMENTACIÓN EN VIGOR que, segundo sexa a súa nacionalidade, lle sexa esixible. Sendo a súa responsabilidade a obtención en tempo e correcto cumprimento de cantos documentos necesiten, poñendo especial coidado aqueles cidadáns con nacionalidade non española.

INFORMACIÓN VIAXEIROS AVIÓN:

-O punto de encontro para as persoas que viaxen no voo Santiago - Bérgamo, é no Parking de Autobuses exterior da terminal ás 19:20h. No caso de que se retrase o voo, ou que haxa outra incidencia, o autobús pode esperar co grupo ata as 19:45 h como máximo, para así poder chegar a tempo ao noso hotel de Bovec. Se chegan mais tarde, terían que ir pola súa conta ata o hotel. O Club Fontiñas/organización tentarían axudar e facilitar a xestión do transporte Bérgamo - Bovec.

-Para que non teñades que facturar a equipaxe, podeades entregala nos sitios e horas indicados da saída do bus (en Santiago e na Coruña), o venres 25 de Xullo. Sempre tendo en conta as normas que xa dixemos para a equipaxe: toda maleta, vulto e mochila teñen que estar identificados con NOME, DNI e TELÉFONO.

**VIAXE AOS ALPES
JULIANOS ESLOVENIA**

25 Xullo-4 Agosto de 2019

PREZO: 810 euros



Club Deportivo
FONTIÑAS

O prezo inclúe:

- Autobús viaxe + excursións mencionadas no programa
- Seguro de viaxe internacional
- 3 noites de aloxamento con 2 ceas e 3 almorzos no HOTEL ALP*** de Bovec
- 3 noites aloxamento a media pensión no HOTEL CREINA*** de Kranj
- 1 noite de aloxamento e almuerzo no HOTEL PARK*** de Liubliana
- 1 noite de aloxamento e almuerzo no HOTEL IBIS CENTER*** de Toulouse
- Habitacións dobres e taxa estancia aloxamento turista
- Guía de montaña con titulación oficial e acreditación UIMLA + seguro RC

NOTAS

- Bebidas tales como cervexas, viño... non incluídas no prezo
- Os prezos dos telecadeiras, así como doutras entradas a enclaves turísticos que desexemos visitar, non están incluídos na viaxe, correndo por parte do interesado
- Hai 3 estancias en hotel que non levan incluída cea, sendo ésta libre e correndo por parte do interesado. Tamén hai 2 etapas nocturnas en bus nas mesmas condicións
- As comidas de ataque os días de ruta corren por parte do interesado

ADVERTENCIAS

- O programa de rutas non é definitivo. Dependendo da climatoloxía e outros condicionantes, poderase modificar en beneficio do grupo e da súa seguridade
- No momento de iniciar a viaxe, poderá ser solicitado o xustificante de ter realizado o pago correspondente
- Nas rutas levar protección para o sol, comida e auga